

Decreto 1053/2015**José M. Miñones Conde, alcalde presidente do Concello de Ames (A Coruña).**

Mediante decreto da Alcaldía 911/2015 procedeuse ao nomeamento dos/as tenentes de alcalde do Concello de Ames. Dito nomeamento, en cumprimento do previsto no artigo 23 da LRBRL, ten lugar entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Mediante decreto da Alcaldía 1052/2015 de 6 de xullo, procedeuse á modificación da composición da Xunta de Goberno Local do Concello de Ames.

Visto a nova composición da Xunta de Goberno Local do Concello de Ames, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, resolve:

Primeiro.- Nomear tenentes de alcalde e pola orde que se indica ás/aos concelleiras/os seguintes:

| | |
|-----------------------------|-------------------------------|
| Primeira tenente de alcalde | Genma Otero Uhia |
| Segunda tenente de alcalde | David Santomil Mosquera |
| Terceira tenente de alcalde | José Blas García Piñeiro |
| Cuarta tenente de alcalde | Silvia Dapena Liñares |
| Quinta tenente de alcalde | María Isabel Vaquero Quintela |
| Sexta tenente de alcalde | Luisa Feijóo Montero |

Segundo.- Conforme ao artigo 23 LRBRL e demais concordantes, a funcións do/ass tenentes de alcalde é substituír ao alcalde, pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.


Terceiro.- Notifíquese esta resolución ás/aos concelleiras/os interesadas/os a fin de que amosen a súa aceptación expresa.

Cuarto.- Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

Quinto.- Dese conta ao pleno da Corporación en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado mediante Real decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Ames, 6 de xullo de 2015

O alcalde









José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

Dilixencia de aceptación membros da Xunta de Goberno Local

Aos efectos previstos no artigo 46 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, e aos concelleiros/as que a continuación se indica, a favor dos cales o alcalde ditou o decreto 1053/2015, expresan a aceptación ao seu cargo como tenentes de alcalde con data 6 de xullo de 2015

| | |
|---|--|
| Primeira tenente de alcalde Genma Otero Uhia | Sinatura de aceptación  |
| Segundo tenente de alcalde David Santomil Mosquera | Sinatura de aceptación  |
| Terceiro tenente de alcalde José Blas García Piñeiro | Sinatura de aceptación  |
| Cuarta tenente de alcalde Silvia Dapena Liñares | Sinatura de aceptación  |
| Quinta tenente de alcalde Mª Isabel Vaquero Quintela | Sinatura de aceptación  |
| Sexta tenente de alcalde Luisa Feijóo Montero | Sinatura de aceptación  |

A secretaria xeral

Rosa Ana Prada Queipo

Decreto 1052/2015

José M. Miñones Conde, alcalde presidente do Concello de Ames (A Coruña).

O 13 de xuño de 2015 tivo lugar a sesión constitutiva da nova corporación local resultante das eleccións municipais celebradas o 24 de maio.

En data 15 de xuño de 2015, mediante decreto da Alcaldía 910/2015, foron designados os membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Ames quedando conformada a Xunta de Goberno Local polo propio alcalde, e os/as concelleiros/as Luisa Feijoo Montero, José Blas García Piñeiro e María Isabel González Cancela.

Esta Alcaldía considera preciso, para unha mellor xestión dos asuntos públicos, a ampliación dos membros que conforman a Xunta de Goberno Local, dentro dos límites establecidos no artigo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Dito artigo establece que a mesma se integra polo alcalde e un número de concelleiros/as non superior ao terzo do número legal de membros da Corporación, cuxo nomeamento e separación compete ao alcalde

Á vista da normativa indicada, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, resolve:

Primeiro.- Modificar a composición da Xunta de Goberno Local, que quedaría composta, ademais de polo alcalde na súa condición do presidente da mesma, polos seguintes concelleiros/as:

Genma Otero Uhía

David Santomil Mosquera

José Blas García Piñeiro

Silvia Dapena Liñares

M^a Isabel Vaquero Quintela

Luisa Feijóo Montero

Segundo.- Notifíquese esta resolución a fin de que os concelleiros/as designados amosen a súa aceptación expresa.


Terceiro.- Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

Cuarto.- Dese conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Ames, 6 de xullo de 2015

O alcalde

A secretaria





José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo

Dilixencia de aceptación membros da Xunta de Goberno Local

Aos efectos previstos nos artigos 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, e aos concelleiros/as que a continuación se indican, a favor dos cales o alcalde ditou o decreto 1052/2015, expresan a aceptación ao seu cargo como membro da Xunta de Goberno Local con data 6 de xullo de 2015

| | |
|----------------------------|--|
| Genma Otero Uhia | Sinatura de aceptación  |
| David Santomil Mosquera | Sinatura de aceptación  |
| José Blas García Piñeiro | Sinatura de aceptación  |
| Silvia Dapena Liñares | Sinatura de aceptación  |
| Mª Isabel Vaquero Quintela | Sinatura de aceptación  |
| Luisa Feijóo Montero | Sinatura de aceptación  |

A secretaria xeral

Rosa Ana Prada Queipo